



### **BASES DO CERTAME ARTÍSTICO DE MÁSCARAS HIXIÉNICAS ENMASCARARTE.**

O certame pretende abrir una xanela virtual á creatividade da mocidade de Moaña, a creación dun deseño para unha máscara hixiénica sobre o debuxo da mesma que vos entregamos a continuación no Anexo 1. Pódese debuxar ou pintar de forma manual ou dixital, a finalidade é crear una máscara nas dimensións que se adxunta a continuación. Se o deseño leva texto asociado este deberá estar escrito en Lingua Galega. O certame comezará o 1 de Outubro e rematará o venres 6 de Novembro as 21:00h. A temática é libre e poderanse entregar de forma presencial na Casa da Mocidade de Moaña (na Rúa María Martín s/n O Rosal-Moaña) ou ben entregala en formato JPG (en forma dixital ou escaneado) ao enderezo electrónico [mocidade@concellodemoana.org](mailto:mocidade@concellodemoana.org) indicando a categoría á que se presenta xunto coa información que se solicita no Anexo 1 destas bases.

Creáronse as seguintes categorías:

*Categoría A: poderán participar mocidade entre 10 e 15 anos ambos inclusive. O premio consiste na edición de 5 máscaras co deseño gañador da categoría e un cheque regalo de 100 euros para poder gastar no comercio local de Moaña.*

*Categoría B: poderán participar mocidade entre 16 e 20 anos ambos inclusive. O premio consiste na edición de 5 máscaras co deseño gañador da categoría e un cheque regalo de 200 euros para poder gastar no comercio local de Moaña.*

*O xurado estará composto por tres persoas designadas pola Concellería de Mocidade. O fallo trasladarase ás persoas gañadoras e nas redes sociais da cMo (Casa da Mocidade de Moaña) así como á prensa. Os premios entregaranse nun acto con estrito protocolo Covid e farase unha escolla das máscaras máis destacadas para facer unha exposición na cMo.*

Nome: \_\_\_\_\_  
Categoria: \_\_\_\_\_  
Telefono: \_\_\_\_\_  
E-mail: \_\_\_\_\_

